

**NA ENCRUCILLA DA** Se non se toman medidas efectivas, o cambio de clima deixará irrecoñecible a Galicia en pouco máis de vinte anos

# Adeus ríos, adeus fontes

**Miguel Araújo di que só os países que saiban aproveitar as oportunidades terán futuro**

A.R. López · Santiago

Nin a "costa verdescente" de Pondal nin "os ríos e as fontes" de Rosalía: dentro vinte anos Galicia será fisicamente irrecoñecible. Ou, como mínimo, terá pouca semellanza co país húmido e chuvioso, de temperaturas olmas, que vemos hoxe e que os nosos devanceiros habitan desde hai séculos. Vinte anos bastarán para que desapareza —aproximadamente— un sesenta por cento das nosas especies vexetais características, para que as chuvias se eslumezan, para que as temperaturas estivais se volven tórridas e para que desapareza a pinteiga ou a ra. Esta é a perspectiva que traxera para o noroeste peninsular o o Panel Intergobernamental de Cambio Climático de Nacións Unidas (IPCC nas súas siglas en inglés), esfrarelado onte en Madrid polo secretario xeral para a Prevención da Contaminación e do Cambio Climático, Arturo Gonzalo Aizpiri, xunto a distintos científicos do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Miguel Araújo, do Museo Nacional de Ciencias Naturais, é completamente pesimista respecto dos efectos do clima en Galicia, aínda que "o de Francia é unha desgraza maior". El traballou especificamente cos anfíbios e coas especies vexetais. O dos anfíbios parece irreversible —"podemos falar dun 97 por cento de extincións"— e é algo máis cauto no ámbito das árbores, "aquí rexistraremos menor extinción, pero sobrevivirán baixo un réxime de estrés hídrico".

Botando man doutras estatísticas, Araújo non dubida en falar dunha "desertización" do territorio do corenta por cento, con cinco ou seis graos de suba nas temperaturas medias "se non se lle pon remedio antes do 2070". Aumentará a seca e as precipitacións terán unha distribución moi irregular. "En Galicia", dixo, "non será tan grave como nas montañas mediterráneas, pero debido ás peculiaridades do seu clima, o efecto do quecemento será maior na biodiversidade. Galicia foi o acubillo de numerosas especies en períodos glaciais e esas acubillos desaparecerán".

As perspectivas non son boas, pero Araújo confía aínda en que os gobernos reaccionen a tempo e freen un cambio "con todo, irreversible". Ademais, ten fe cega nas posibilidades do ser humano: "É xusto salientarmos os custos, pero tamén as oportunidades de desenvolvemento económico. Os países que saiban aproveitar esas oportunidades —desde as enerxías renovables aos novos cultivos— serán os que triunfen no futuro". ●



As paisaxes idílicas de Galicia, cantadas polos nosos poetas, desaparecerán en dúas décadas

## O MAPA DE EUROPA

### Estrés hídrico e inundacións

Entre 16 e 44 millóns de europeos poderían verse afectados por falta de auga debido ó cambio climático no horizonte do ano 2070. O que se define como "tensión hídrica" creará a consecuencia do quecemento global e podería afectar a entre o 19 e o 35 por centos da superficie de Europa.

A tensión hídrica, porén, non será a única consecuencia do cambio climático, segundo este informe que debuxa un futuro inquietante para todas as rexións do continente: choivas torrenciais, inundación de zonas costeiras, secas que antes se producían unha vez cada cen anos e agora

chegarán cada década, máis incendios forestais, máis ondas de calor...

En calquera caso, os impactos máis severos predominarán no sur e nos ecosistemas mediterráneos, onde "a falta de auga e os maiores incendios forestais van ter os efectos máis rápidos", dixo José M. Moreno, da Universidade de Castela-A Mancha. "Non hai ningúen que se salve en Europa", dixo, porque, aínda que en principio os efectos serán positivos no norte, con máis choivas e temperaturas suaves, terminarán por predominar os negativos.

As temperaturas subirán menos dun grao ata 2020, pero poderían

crecer entre 2º e 5º a finais do século XXI. A primavera e o verán adiantaríanse unha media de 2.5 días por cada grao de máis, mentres que algunha actividade agrícola tamén se adiantará. O nivel do mar incrementarase 0.44 metros no peor dos escenarios, o que afectará especialmente a deltas, esteiros e zonas baixas en xeral. Hai praias que poderían desaparecer se non teñen capacidade para retroceder debido, por exemplo, á construción. O caudal dos ríos reducirase ata un 80 por cento e o potencial hidráulico entre o 20 e o 50 por cento no sur de Europa.

## AS PERSPECTIVAS

### Esfuerzo global nun mundo novo

Todos —está convencido Miguel Araújo— imos ter que pagar a adaptación ao novo clima, aínda que os custos maiores serán en boa medida os máis afectados. "Trátase", asegura, "dun esforzo de axuste global a un novo mundo cun clima diferente". Pero aínda que naxa custos, di, "pódese ver a crise climática como unha oportunidade".

### Dificultades para a adaptación

Cara ao 2050 a demanda de calefacción reducirase en dúas ou tres semanas, porque os invernos serán máis benignos. Pero o que se gañará por unha banda perderase por outra, porque os aires acondicionados utilizaranse entre tres e cinco semanas máis. Os picos de demanda eléctrica situarase no verán, no canto de no inverno e o sector turístico verase tamén afectado.

### Lixeira baixa nas emisións

As emisións de gases de efecto invernadero da industria española incluída no sistema de comercio comunitario, que supuxeron o 45 por cento das emisións de España, reducíronse o ano pasado un 4%. O dato apunta a unha "lixeira redución" dos gases de efecto invernadero nun momento de grande incremento económico e demográfico, dixo Arturo Aizpiri.

## XÉNERO

En marcha a Lei da identidade

**Primeiro cambio de sexo por vía administrativa sen operación**

Julio Cuesta, de 50 anos, converteuse onte no primeiro transexual español que logrou o cambio da súa partida de nacemento pola vía administrativa, tras a aprobación da Lei de identidade de xénero, que entrou en vigor o pasado 16 de marzo. Cuesta, que acudiu ó xulgado acompañado da súa nai e de varios responsables de colectivos de homosexuais, transexuais e bisexuais, mostrou a súa satisfacción pola consecución deste documento que lle permitirá cambiar o seu nome e sexo de documentos oficiais, como o DNI, sen ter que someterse a unha operación xenital.

A pesar de nacer con corpo de muller, Julio Cuesta sentiuse desde sempre un home e iso levouno a comezar, hai 30 anos, o proceso de cambio de sexo, un percorrido no que contou co apoio de toda a súa familia, que comprenderon desde o primeiro momento a súa situación.

A primeira persoa a quen lle contou que se sentía home foi súa irmá, mentres que a súa nai se decatou sendo el adolescente, ó ler o seu diario porque, segundo explicou, "via que Julio estaba moi triste" e cando volveu do instituto abrazouno e díxolle que non se preocupase de nada porque o axudarían en todo.

### Unha negligencia médica que o levou ao coma

A partir de aí, Julio Cuesta pasou catro anos visitando psicólogos e psiquiatras e iniciou o proceso de hormonación, que tivo que interromper despois de que durante unha intervención cirúrxica por un problema de xeonllo, unha negligencia do anestesista o deixase un mes en coma. Esta intervención deixoulle importantes secuelas físicas que lle afectan á visión, á fala, ó equilibrio e á coordinación de movementos, así como unha discapacidade do 79 por cento e un delicado estado de saúde que lle impide volver pasar polo quirófano para someterse a unha operación de cambio de sexo.

Desde ese momento, Julio iniciou un proceso legal para lograr o seu recoñecemento como home, pero a Audiencia de Valencia rexeitou a petición e o caso está no Tribunal Supremo, aínda que non terá que pronunciarse xa que a lexislación lle permitiu lograr o seu obxectivo. ● EFE